



INFORMACIÓN RELATIVA Á VISUALIZACIÓN / GRAVACIÓN DE SESIÓNS DOCENTES

Información para todos os participantes en chamadas / videochamadas para a realización de sesións docentes	
Responsable do tratamento	Universidade da Coruña
Finalidade	Visualización / gravación da sesión docente.
Lexitimación	Art. 6.1.e) e c) Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd): cumprimento dunha misión realizada en interese público, e dunha obriga legal, por parte da responsable do tratamento: prestación do servizo público de educación superior (LOU), e realización da docencia a distancia atendendo á normativa que estableza actividades académicas non presenciais. No caso de que a sesión docente vaia ser <u>gravada</u> polo profesorado, os/as estudantes poderán desactivar a cámara e/ou o micrófono e intervir a través do chat. Recoméndase que as persoas asistentes <u>configuren o seu espazo</u> para evitar a afectación da intimidade ou de datos persoais de terceiras persoas.
Utilización e conservación	As sesións docentes gravadas só poden ser visualizadas nas canles propias da Universidade. Non está permitido para os participantes gravar, compartir nin difundir as sesións, salvo que concorra o consentimento das persoas afectadas ou outra posible base de lexitimación, dado que pode atentar contra os dereitos á protección de datos persoais, á propia imaxe, e á propiedade intelectual das persoas implicadas, e podería dar lugar á esixencia de responsabilidades legais, de carácter administrativo, civil ou penal. As/os docentes só poderán reutilizar este material cando apareza unicamente a súa voz e/ou imaxe, non a de estudantes ou terceiras persoas. As sesións docentes deberán conservarse durante o curso académico para o que foron previstas.
Dereitos	A persoa titular dos datos ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos por algunha das seguintes vías: no formulario de protección de datos na Sede electrónica da UDC, no apartado Outros trámites; ou mediante solicitude (escrito firmado e con copia de DNI) dirixida á Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou a secretariaxeral@udc.gal, ou dirixida á/ao Delegada/o de Protección de Datos, á mesma dirección



	postal ou a dpd@udc.gal. Asemade, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD). Para maior información pode consultarse o punto 5 do Aviso legal da UDC: https://www.udc.es/es/pe/aviso_legal/, ou o apartado de protección de datos da páxina web da UDC: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/.
--	--